

PALABRAS MILENARIAS

Temos na boca palabras milenarias,
pra falarmos de castaños e carballos
de anduriñas e de niños de paxaros.
de fontes, de fervenzas, de regueiros,
de rías, mares, cabos e areeiros.

Temos na boca palabras milenarias
pra falarmos da carqueixa e da chorima,
da barba de raposo e da herba das feridas
de xoubas, de arroaces, de baleas
de dornas, de gamelas, de sereas.

Temos na boca palabras milenarias
que afiaron coitelos de varios continentes
e buscaron peixe nos mares máis ferventes.
que andaron os camiños co peixe na patela,
segaron moito trigo nas chairas de Castela

Temos na boca palabras milenarias
que teñen a gala ser lingua proletaria,
que deu chegado a culta e empresaria;
Cristo concedeulle dignidade de litúrxica
e os poetas déronlle cor e moita música.

Temos na boca palabras milenarias:
rescatounas todas a pluma de Sarmiento,
e mailos que dormen na paz de Bonaval.
Palabras de Vanxe, Merlín, de Migueliño,
Adrián Soutelo, de Galván e de Balbino.

Temos na boca palabras milenarias
pra falarmos moi en serio de viaxes supersónicos
de vídeo dixital, de castiñeiros clónicos,
de electromagnetismo, de leis hipotecarias,
de fonosimbolismo, de veas coronarias.

Temos na boca palabras milenarias
que nos saben a castañas con anises
que chegan por satélite a tódolos países
que falada por todos chegou a ter carné
e hoxe corre ceiba por toda a Internet

Temos na boca palabras milenarias;
métellas ós teus fillos entre bicos, leite e pan;
úsamas no altar, nas festas de gardar;
fálame esta lingua no xornal e nas cadeiras;
fálama, meu rei, se me ves face-las beiras,

Temos na boca palabras milenarias.
Poñede un ramo delas encol da nosa tumba:
non vaia se-lo demo que san Pedro nos confunda,
e os nosos devanceiros nos pregunten polo angazo
e Deus por desleigados nos bote do seu pazo.

Temos na boca palabras milenarias
elas fannos pobo e prometen un futuro
pero, como isto non está seguro,
nós cos nosos fillos xurámo-lo convenio
de que a nosa lingua viva outro milenio.